



SEMINARIO

“Seguridade, Ciberseguridade e Transporte na convocatoria 2017 de Horizonte 2020”

Mércores, 24 de Febreiro 2016

Facultade de Informática (Aula 2.2.B), Campus Elviña, A Coruña

INTRODUCCIÓN

O obxectivo da sesión é dar a coñecer aos participantes os mecanismos e oportunidades baixo os programas de traballo das áreas de Seguridade e Transporte do novo programa cadro Horizonte 2020 (H2020), así como coas entidades relevantes nos respectivos programas e iniciativas, tanto a nivel estatal (delegacións nos comités de programas, agrupacións estatais, etc), coma a nivel europeo (plataformas tecnolóxicas, federacións, entidades de *lobby*...). Tamén se presentará unha actualización do estado de formación do próximo Partenariado Público-Privado contractual (cPPP) na área de Ciberseguridade, explicando as oportunidades de participación no proceso de constitución e posta en marcha.

PROGRAMA

09.00 – 09.15 Recepción e rexistro de asistentes

09.15 – 09.30 Presentación e introdución á xornada

Relator: OTRI – UDC

09.30 – 11.30 Prioridades na área de Seguridade de H2020 para a convocatoria 2017:

1. O programa de traballo de Seguridade e actualización sobre as últimas iniciativas en ciberseguridade

2. Ciclos de actividade e xeitos de interacción.

3. Actores a nivel estatal e europeo

Relatora: Dra. Marina Martínez, CDTI (Oficina SOST – Bruxelas).

11.30 – 12.00 Descanso





12.00 – 14.00 Prioridades na área de Transporte de H2020 para a convocatoria 2017:

1. O programa de traballo e Partenariados Público-Privados na área de Transporte
2. Ciclos de actividade e xeitos de interacción.
3. Actores a nivel estatal e europeo

Relatora: Dra. Marina Martínez, CDTI (Oficina SOST – Bruxelas).

14.00 – 15.00 Pausa para xantar

15.00 – 17.00 Reunións bilaterais con participantes interesados na participación ou promoción de propostas nestas convocatorias (20 minutos por reunión, previa solicitude)

BREVE CV DA RELATORA

A Dra. Marina Martínez é persoal destacado do CDTI (Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial) na oficina desta entidade en Bruxelas (oficina SOST, Spanish Office for Science and Technology), onde centra as súas actividades no programa H2020 e iniciativas afíns de I+D+i, sendo responsable das áreas de Seguridade e Transporte, e prestando apoio aos programa de Espazo, Medio Ambiente e Bioeconomía de H2020.

A Dra. Martínez encárgase da organización das actividades dirixidas ás delegacións rexionais en Bruxelas en temas de programas europeos de I+D, así como nas oportunidades para as Pemes en temas de innovación. Tamén actúa coma coordinadora do programa de especialización de xestores europeos que o CDTI desenvolve na SOST.

Anteriormente traballou no sector privado, no ámbito das aplicacións e produtos de observación da terra, e foi docente e investigadora na Universidade Politécnica de Cataluña (UPC) durante doce anos. Antes de formar parte de CDTI, a Dra. Martínez foi subdirectora académica do Instituto de Xeomática, centro de investigación consorciado entre a UPC, o Instituto Cartográfico de Cataluña e a Generalitat de Cataluña.

*Prégase **confirmación de asistencia** por medio dun **correo electrónico** dirixido a otri.aula@udc.es antes do luns, 22 de Febreiro, 2016. Se está interesado en manter unha reunión bilateral, por favor, indíqueo no correo. As solicitudes de reunión serán atendidas por orde de recepción das mesmas.*

Coa colaboración de:

